

NOTA DE PRENSA DA COORDINADORA GALEGA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Na tarde de hoxe, martes, 19 de xaneiro, a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) fixo pública en rolda de prensa a súa análise sobre as "Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia".

Despois da valoración feita ás poucas horas da publicación do borrador, a CGENDL deu a coñecer hoxe unha análise pormenorizada que foi debatida e aprobada o pasado sábado na reunión da Xunta de Comarcas tras recoller as achegas de equipos e docentes colaboradores de centros de ensino de toda Galicia. Este informe ten como obxectivo dar a coñecer directamente á sociedade galega os argumentos dos docentes especialistas na promoción da lingua galega na comunidade educativa, que son, polo tanto, bos coñecedores da situación lingüística real dos centros de ensino.

Os representantes da CGENDL, Valentina Formoso e Miguel L. Outeiro, resumiron ante a prensa algunhas das conclusións máis destacadas desta análise:

1. O ensino necesita un decreto sobre o fomento do uso do galego, como eran os anteriores. Se se quere elaborar un plan para potenciar o ensino das linguas estranxeiras, que se deseñe, mais que se elabore á marxe dun decreto para a promoción do galego no ensino.
2. No borrador cítanse a Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística mais óbvianse os seus contidos, xa que baixo o aparente obxectivo de pontenciar as linguas estranxeiras quérese reducir a presenza do galego no sistema educativo como lingua vehicular e mesmo como lingua da administración educativa, como se establecía nos Decretos 247/1995 e 124/2007, aprobados por gobernos de diferente cor política.
3. Xustifícase a redución do galego para a incorporación das linguas estranxeiras mais na etapa do Ensino Infantil, na que non hai lingua estranxeira como lingua vehicular, redúcese radicalmente a presenza do galego, ata o punto de que os nenos poidan saír de infantil sen saber falar galego.
4. A aplicación dun borrador destas características provocaría un aumento considerable do fracaso escolar:
 - a. Se xa agora se dan problemas graves na comprensión de contidos de diferentes materias impartidas en galego ou castelán, estas deficiencias poderían ir a maiores nunha lingua estranxeira na que posúen un baixo dominio. A desmotivación e o abandono escolar veríase multiplicado nun bo número de estudantes.
 - b. O alumnado acadaría unha menor competencia lingüística en ambas as dúas linguas oficiais.
 - c. Crearíase un ensino de varias velocidades ao ser diferente o perfil lingüístico dos centros. Os rapaces e rapazas do rural veríanse discriminados aínda máis posto que a oferta de centros no rural é menor que nas cidades.
5. O borrador adoece dun enfoque metodolóxico correcto para a aprendizaxe das linguas estranxeiras, cuxo dominio non ten nada que ver con restar horas de docencia con lingua vehicular en galego.

Logo de presentada a análise, os voceiros da CGENDL insistiron na necesidade de que a administración educativa parta nas súas intencións de novos postulados e consensúe a presenza da lingua galega no ensino coa comunidade educativa, as institucións e os especialistas na materia. De

se aplicaren as liñas mestras apuntadas neste borrador, estaríamos ante o punto de partida para acabar co galego no ensino e, posteriormente, na sociedade.